



REPSOL RENOVA O CONVENIO DE FP DUAL COA XUNTA DE GALICIA

- O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o director da Refinería de Repsol asinaron esta mañá a renovación do convenio de colaboración.
- Abrirase unha nova convocatoria para que un grupo de entre 12 e 18 alumnos matricúlense no ciclo de grao superior de Química Industrial do IES A Sardiñeira, e combinen a súa aprendizaxe con traballo efectivo no complexo industrial.
- Para Repsol e a súa Refinería na Coruña é fundamental o papel da FP no desenvolvemento formativo e na inserción laboral dos mozos.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e o director da Refinería de Repsol na Coruña, Javier Sancho, asinaron esta mañá a renovación do convenio de colaboración para a posta en marcha da terceira promoción do Proxecto de FP Dual do grao superior de Química Industrial.

Deste xeito, abrirase unha convocatoria para que un grupo de entre 12 e 18 alumnos que se matriculen no ciclo que oferta o IES A Sardiñeira, combinen a aprendizaxe no centro con formación e traballo efectivo nas instalacións de complexo industrial de Repsol durante os cursos 2017/2018 e 2018/2019.

A distribución horaria establecerase da seguinte maneira:

		Curso 2017-2018	Curso 2018-2019	Total
Formación curricular	Formación no centro educativo (FCE)	578 h	474 h	1.052 h
	Formación na empresa (FEM)	295 h	243 h	538 h
Traballo/ formación na empresa (TFE)	Traballo	852 h	941 h	1.793 h
	Formación complementaria	29 h	-	29 h
Total		1.754 h	1.658 h	3.412 h



A Refinería e a Formación Profesional

Para Repsol e a súa Refinería na Coruña é fundamental o papel da FP no desenvolvemento formativo e na inserción laboral dos mozos, sendo máis do 50% dos traballadores do Complexo Industrial titulados en estudos de Formación Profesional.

A FP Dual supón, ademais dun beneficio engadido para os estudantes, unha oportunidade para as empresas, xa que desta forma, a Compañía pode formar a futuros profesionais, dándolles coñecementos específicos axustados ás necesidades reais do sector en Galicia. Por esta razón, a Refinería leva unha longa traxectoria de actuacións que apoian á Formación Profesional.